

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 19 DE NOVEMBRO DE 2007

LICENZAS

FAVORABLES.-

644/07.- M^a Rosa de la Torre García.- Edificio (11 viv.) na parcela R.8.4, bloque 5, polígono B do SUNP-6 de San Lázaro.-

2216/04.- Matiman, S.L.- repr. por J. Carlos Martínez Barreiro.- Modificación de licenza de construción de edificio na AEI-2 da Rúa da Choupana.-

1814/07.- Georgina Soto Fajín.- Substitución de cuberta de edificación sita na R/ Vite de Abaixo núm.21.-

2360/07.- Consello de Contas de Galicia.- Reforma de fachada principal e dereita, colocación de pedra e impermeabilización.-

DENEGADAS

1505/07.-José Lino Barcia e Outra.- Reforma de edificación existente na R/ Arzúa núm. 5.-

PARCELACIÓN.-

1313/07.- Droga Conde, S.A.- Parcela sita na Avda. do Cruceiro da Coruña.- (+).

ACORDO DE ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREO.-

670/06.- Fenurbe, repr. Sonia Blanco Planas.- Edificio na Avda. Cruceiro da Coruña, s/n.-

OCIHR

LICENZAS

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbese unha axuda para gastos de comedor escolar.

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbese inicialmente a concesión dunha axuda para elementos especiais de madeira para unha vivenda sita na rúa da Porta da Pena, por importe de 2.396 euros.

6.- Propostas da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificacións dos gastos de diversos convenios de colaboración.

Xustificanse os gastos dos convenios asinados con ASPANAES (Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista), coa Asociación Galega de Asistencia e Investigación dos Trastornos da Personalidade, e con Cruz Vermella. O Concello achega 2.500 euros nos dous primeiros convenios e 9.015 euros no terceiro.

7.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á modificación do Plan de Formación continua do Concello.

Modifícase o Plan nos seguintes termos:

- corríxese o orzamento da segunda edición do curso "Xestión e solución de incidencias na atención ao público", que pasa de 5.104 euros a 5.869 euros.

- modifícase o curso "Rescate en altura", pasando de dúas a unha edición, de 30 a 13 participantes, e de 10.200 a 4.420 euros.

- incorpórase, na área de Policía Local, o curso "Aspectos prácticos da actuación policial diante das situacións de violencia de xénero", a executar nunha edición de 20 horas, con 69 participantes e un orzamento de 3.000 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio a un proxecto empresarial.

Acórdase apoiar o proxecto presentado por Elena Malek como iniciativa local de emprego.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso dos estadios de San Lázaro e San Lázaro II para unha concentración de categorías base das seleccións galegas de fútbol.

Autorízase con carácter gratuíto o uso dos referidos equipamentos o vindeiro 21 de novembro.

10.- Subsanación de erros no prego de prescricións técnicas e administrativas da Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano no Concello de Santiago.

Subsánanse os erros.

11 a 65.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais nos impostos sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, sobre vehículos de tracción mecánica e sobre bens inmobles,

Concédense as devanditas exencións.

66.- Adxudicación do Servizo de Vixilancia do Estadio de San Lázaro.

Adxudícase á empresa SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTEMENTOS A-1, SL, por importe 81.629 euros e un período de dous anos prorrogable por outros dous.

67.- Adxudicación das Obras de Reforzo do firme na vía pública R-5-III-B (SON DE ABAIXO-MARZO DE ABAIXO) incluídas no Plan de Cooperación Provincial 2007 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Adxudícanse á empresa OVIGA, SL, por importe de 224.420 euros e un prazo de execución de 28 días naturais.

68- Propostas do concelleiro delegado de Promoción Económica relativas á aprobación de diversos convenios de colaboración.

Apróbbase as seguintes sinaturas:

- convenio entre o Concello e Turgalicia, para a execución da campaña “Compostela Capital de Compras 2007”, cun orzamento total de 60.600 euros dos que o Concello achega 30.600 euros.

- sinatura do anexo ao convenio marco de colaboración entre o Concello e a USC dentro do Plan de Acción Local polo Emprego. No devandito anexo establécense as actividades para o ano 2007 e, en concreto, para a posta en marcha dun programa de “apoio á creación de empresas no ámbito do autoemprego universitario”, cunha aportación municipal de 10.000 euros.

- sinatura do anexo ao convenio marco coa Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre dentro do Plan de Acción Local polo Emprego, cunha aportación municipal de 10.000 euros. Actividades: “estudo sobre a calidade do emprego no ámbito da asociación da área do Tambre” e “campaña de difusión das novidades legais en materia de plans de igualdade e conciliación da vida laboral e familiar”.

- sinatura do anexo ao convenio marco coa Asociación de Empresarios de Hostelería de Santiago dentro do Plan de Acción Local polo Emprego, cunha aportación municipal de 10.000 euros. Actividades: realización de tres cursos de “Camareiro/a de Piso”.

- sinatura do anexo ao convenio marco coa Plataforma polo Emprego dentro do Plan de Acción Local polo Emprego, cunha aportación municipal de 10.000 euros. Actividades: realización dunha xornada de traballo “Muller, emprego e emprendemento” e dun “Programa de Apoio do Emprendemento”, cunha aportación municipal de 10.000 euros.

69.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á modificación puntual da relación de postos de traballo no que atinxe ao posto de Director da banda de música.

Acórdase a modificación da actual relación de postos de traballo, de xeito que a dirección da Banda de Música pasa a ter a consideración de posto de carácter laboral de alta dirección a cubrir polo tanto por libre designación.

70.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do concurso de carteis e do programa de Nadal 2007.

Apróbase a realización do concurso, que conta cun orzamento de 5.568 euros.

71.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da XV edición dos premios VAGALUME.

Apróbase a celebración da XV edición dos premios Vagalume, cun orzamento de 3.757 euros. O prazo de presentación de candidaturas é do 19 ao 30 de novembro, ambos inclusive.

73.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Galega de Espiña Bífida e Lesionados Medulares.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, a través do cal o Concello aporta 2.500 euros á asociación.

74.- Dar conta da sinatura do acordo da Comisión bilateral relativa á Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Santiago de Compostela, na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan de vivenda 2005-2008. Programa 2007.

Dáse conta do devandito convenio.

Programa 2007: 50 vivendas

-833.333 euros para obras de recuperación de elementos comúns dos edificios, así como outras de adecuación de habitabilidade das vivendas.

-250.000 euros para actuacións de infraestruturas e urbanización.

-32.500 euros para financiamento do equipo técnico adscrito á Ventaniña Única de Vivenda:

Total: **1.115.833 euros.**

Ministerio de Vivenda aporta a cantidade de 388.000(34,77%)

Xunta de Galicia: 325.000 (29,13%).

Concello de Santiago: 119.500 euros (10,71%).

Particulares: 283.333 euros (25,39%).

75.- Dar conta da sinatura do acordo da Comisión Bilateral relativa á Área de Rehabilitación Integral no Polígono de Vista Alegre en Santiago, 2ª Fase, na Comunidade autónoma de Galicia. Plan de Vivenda 2005-2008. Programa 2007.

Dáse conta do devandito convenio.

Programa 2007: 20 vivendas

- 400.000 euros para obras de recuperación de elementos comúns dos edificios, así como outras de adecuación de habitabilidade das vivendas.

- 90.000 euros para actuacións de infraestruturas e urbanización.

- 14.700 euros para financiamento do equipo técnico adscrito á Ventaniña Única de Vivenda.

Total: **504.700 euros.**

Ministerio de Vivenda aporta a cantidade de 113.880 euros (22,56%)

Xunta de Galicia: 117.000 euros (23,18%).

Concello de Santiago: 53.820 euros (10,66%).

Particulares: 220.000 euros (43,59%).

76.- Dar conta da concesión de subvencións pola Deputación Provincial da Coruña para a realización de Actividades e Investimentos en materia de cultura.

Dáse conta da concesión dunha serie de subvencións para varias actividades municipais por un importe total de 78.942

- Nadalxogo, concursos fotografía deportiva, Día do Deporte e Día da Bicicleta: 36.974 euros
- Escola de Verán 2007: 13.994 euros
- A Cultura vai por barrios: 17.976 euros
- Material audiovisual e mobiliario para actividades de formación e creación: 7.000 euros
- Material informático, ofimático, mobiliario e audiovisual para centros socioculturais: 2.998 euros.

77.- Dar conta da sinatura do convenio asinado entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o Concello para a execución de diversas actuacións de entornos urbanos.

Dáse conta do devandito convenio polo que se acometen obras de acondicionamento e mellora das seguintes infraestruturas viarias:

- Ponte do Romaño a rúa do Pombal
- Camiño Novo a Volta do Castro
- Rúa Nova de Abaixo
- Avenida de Castelao
- Avenida de Fontiñas
- Rúa Berlín

Aportación do Concello: 6.996.868 euros.

Aportación da Consellería: 10.000.000 euros.

As aportacións distribuiranse en catro anualidades (2007-2010)

78.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a realización de programas de apoio a familias monoparentais.

Dáse conta da concesión ao Concello da devandita subvención por importe de 15.000 euros.

URXENCIAS

1.- Acórdase nomear a Enrique Seoane Prado como arquitecto municipal responsable da supervisión e execución do Proxecto Básico e de execución de reforma de vestiarios nas piscinas exteriores do Multiusos Fontes do Sar.

2.- Acórdase a prórroga do contrato de cesión dos dous pisos ubicados no número 5 da rúa Roma, nas Fontiñas, coa Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPAS), para o desenvolvemento do proxecto para a vida independente de persoas con discapacidade intelectual, durante o ano 2008.

3.- Apróbanse as subvencións para os proxectos de actividades programadas por 43 asociacións veciñais por importe de 100.000 euros.